

# Concello de Narón

## Padrón municipal

# Folla de inscrición ou modificación

Rúa, praza, etc. _____	Nome da vía _____	Folla de _____ de _____	
		A cubrir polo concello	
		Provincia	_____ _____ _____  Núcleo/Diseminado
		Municipio	_____ _____ _____  Tipo de vivenda
		Distrito	_____ _____ _____  Bloque
		Sección	_____ _____ _____  Código de vía
		Entidade colectiva	_____ _____ _____  Cód. pseudovía
		Entidade singular	_____ _____ _____  Inscripción (NHOP)

Número	Letra	Km	Bloque	Portal	Escaleira	Planta	Porta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Información Voluntaria:** autorizamos ás persoas maiores de idade empadroadas nesta folla a comunicar ao concello as futuras variacións dos nosos datos e para obter certificacións ou volantes de empadramento.

Si  Non  Teléfono \_\_\_\_\_

Nº orde	Nome		Data nacemento (día, mes, ano)	Provincia de nacemento	Nº Documento Identidade/Certificado Rexistro	
01		Home <input type="checkbox"/>			DNI <input type="checkbox"/> Pasaporte <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/>	<b>Causa da inscrición/modificación</b>
1º Apelido		Muller <input type="checkbox"/>	Municipio ou país de nacemento		Nº Letra _____ Letra _____	Cambio residencia <input type="checkbox"/> Omisión <input type="checkbox"/> Nacemento <input type="checkbox"/> Cambio domicilio <input type="checkbox"/> Datos persoais <input type="checkbox"/>
2º Apelido			País de nacionalidade		Pasap. _____	Se se trata dun cambio de residencia, indique: Municipio/Consulado de procedencia _____
					Nivel de estudos terminados (ver códigos no reverso) _____	Provincia/País de procedencia _____
02		Home <input type="checkbox"/>			DNI <input type="checkbox"/> Pasaporte <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/>	<b>Causa da inscrición/modificación</b>
1º Apelido		Muller <input type="checkbox"/>	Municipio ou país de nacemento		Nº Letra _____ Letra _____	Cambio residencia <input type="checkbox"/> Omisión <input type="checkbox"/> Nacemento <input type="checkbox"/> Cambio domicilio <input type="checkbox"/> Datos persoais <input type="checkbox"/>
2º Apelido			País de nacionalidade		Pasap. _____	Se se trata dun cambio de residencia, indique: Municipio/Consulado de procedencia _____
					Nivel de estudos terminados (ver códigos no reverso) _____	Provincia/País de procedencia _____
03		Home <input type="checkbox"/>			DNI <input type="checkbox"/> Pasaporte <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/>	<b>Causa da inscrición/modificación</b>
1º Apelido		Muller <input type="checkbox"/>	Municipio ou país de nacemento		Nº Letra _____ Letra _____	Cambio residencia <input type="checkbox"/> Omisión <input type="checkbox"/> Nacemento <input type="checkbox"/> Cambio domicilio <input type="checkbox"/> Datos persoais <input type="checkbox"/>
2º Apelido			País de nacionalidade		Pasap. _____	Se se trata dun cambio de residencia, indique: Municipio/Consulado de procedencia _____
					Nivel de estudos terminados (ver códigos no reverso) _____	Provincia/País de procedencia _____
04		Home <input type="checkbox"/>			DNI <input type="checkbox"/> Pasaporte <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/>	<b>Causa da inscrición/modificación</b>
1º Apelido		Muller <input type="checkbox"/>	Municipio ou país de nacemento		Nº Letra _____ Letra _____	Cambio residencia <input type="checkbox"/> Omisión <input type="checkbox"/> Nacemento <input type="checkbox"/> Cambio domicilio <input type="checkbox"/> Datos persoais <input type="checkbox"/>
2º Apelido			País de nacionalidade		Pasap. _____	Se se trata dun cambio de residencia, indique: Municipio/Consulado de procedencia _____
					Nivel de estudos terminados (ver códigos no reverso) _____	Provincia/País de procedencia _____

Importante: Antes de cubrir este impreso, lea as instrucións do dorso

**Autorización de persoa empadroada** (para inscricións na mesma vivenda onde figuran xa persoas inscritas)

Don/Dona \_\_\_\_\_ con documento de identidade nº \_\_\_\_\_ O/a autorizante \_\_\_\_\_

AUTORIZA a inscrición na súa mesma vivenda da(s) persoa(s) relacionada(s) nesta folla

**Inscrición por cambio de residencia ou omisión**

A inscrición no padrón deste municipio implicará a baixa automática de calquera inscrición padroal noutro municipio ou rexistro de matrícula consular, no caso de que exista, anterior á data da solicitude.

**Só para estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente**

De conformidade co disposto no artigo 16.1 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, a inscrición no padrón municipal dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente deberá ser obxecto de renovación periódica cada dous anos. O transcurso do prazo sinalado será causa para acordar a caducidade da inscrición, sempre que o interesado non procedese a tal renovación

**Sinatura de todas as persoas maiores de idade que se inscriben nesta folla**

Nº total de persoas inscritas nesta folla \_\_\_\_\_

Cubrir polo concello  
Data de recepción da folla

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

### Normativa legal

Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais aprobado polo Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo.

Toda persoa que viva en España está **obligada a inscribirse no padrón do municipio onde reside habitualmente**. Quen viva en máis dun municipio inscribirse no que resida durante máis tempo do ano.

O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual neste e son utilizados para a actualización do censo electoral.

Os veciños deben comunicar as variacións nos seus datos de inscrición, especialmente os **cambios de domicilio** dentro do termo municipal.

Os menores de idade non emancipados e os maiores incapacitados deben figurar empadroados cos pais que teñan a súa garda e custodia ou, no seu defecto, cos seus representantes legais, salvo a autorización por escrito destes para residir noutro domicilio.

O prazo máximo para resolver o empadronamento é de tres meses a partir da solicitude, segundo o establecido no artigo 42.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os datos do padrón municipal poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos, podendo exercer o interesado os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o concello, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### Instrucións para cubrir a folla

Escriba en letras máiusculas, indicando con claridade todos os datos que corresponden a cada unha das persoas que se inscriben na folla.

-O nome e os apelidos transcribíranse do mesmo modo que figure no seu documento de identidade.

-Para cubrir o nivel de estudos terminados consignarase o certificado ou título escolar ou académico que posúa mediante o código correspondente da táboa de códigos de nivel de estudos.

-Cubra a causa da inscrición/modificación:

1. Se se solicita a inscrición por traslado de residencia, marque un xe (x) a casa "cambio de residencia", e indique a provincia e o municipio de procedencia. Se procede do estranxeiro, indique o país e, se é o caso, o consulado español onde estaba inscrito.

2. Se se trata da inscrición dunha persoa que non estivera empadroadada ou que descoñecese o municipio da súa anterior inscrición padroal, marque cun xe (x) a casa "alta por omisión".

3. Para a inscrición dos que acaban de nacer, marque cun xe (x) a casa "nacemento".

4. No caso de cambio de domicilio dentro deste municipio, marque cun xe (x) a casa "cambio de domicilio".

5. Se se modifica algún dos datos persoais da inscrición, marque cun xe (x) a casa "datos persoais".

**-Autorización de persoa empadroadada.** Este apartado cubrirase cando na vivenda figuren outras persoas empadroadas. A autorización deberá ser asinada por algunha persoa maior de idade inscrita que dispoña de título acreditativo da posesión efectiva da vivenda (propiedade, alugueiro,...).

**-A folla debe ser asinada por todas as persoas maiores de idade inscritas nela.**

-Encha a casa "número total de persoas inscritas nesta folla" para garantir a inalterabilidade dos espazos que puideran quedar en branco.

-Se ten algunha dúbida, consulte co concello.

**-AVISO IMPORTANTE: AFALSIDADE NOS DATOS DECLARADOS PODE SER CONSTITUTIVA DE DELITO..**

### Códigos de nivel de estudos

00. Consignarase este código para menores de 16 anos.

11. Non sabe ler nin escribir.

21. Sen estudos.

22. Ensinanza primaria incompleta. Cinco cursos de EXB ou equivalente ou certificado de escolaridade ou equivalente.

31. Bacharelato elemental. Graduado escolar. EXB completa. Primaria completa. ESO.

32. Formación profesional de primeiro grao. Formación profesional de grao medio. Oficialía Industrial.

41. Formación profesional de segundo grao. Formación profesional de grao superior. Mestría Industrial.

42. Bacharelato superior. BUP. Bacharelato LOXSE.

43. Outras titulacións medias (Auxiliar de Clínica, Secretariado, Programador de informática, Auxiliar de Voo, diplomado en Artes e Oficios, etc).

44. Diplomados en escolas universitarias (Empresariais, profesorado de EXB, ATS e similares).

45. Arquitecto ou enxeñeiro técnico.

46. Licenciado universitario. Arquitecto ou enxeñeiro superior. Grao universitario.

47. Titulados de estudos superiores non universitarios.

48. Doutoramento e estudos de postgrao ou especialización para licenciados. Mestrado universitario

### Documentación a presentar para realizar a inscrición/modificación

**Folla padroal cuberta e asinada.**

**Documentación acreditativa da identidade (FOTOCOPIAS):**

Españóis: DNI (obligatorio para maiores de 14 anos), o libro de familia ou o certificado de nacemento para menores de 14 anos que non dispoñan de DNI.

Estranxeiros (maiores de idade, menores nados no estranxeiro e menores nados en España con máis de tres meses):

-Cidadáns de estados membros da Unión Europea; Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza: certificado de rexistro de cidadán da Unión, no que consta o número de identidade de estranxeiro (NIE), xunto co documento acreditativo da identidade ou pasaporte expedido polas autoridades do seu país.

-Resto: tarxeta de identidade de estranxeiro expedida polas autoridades españolas, na que consta o número de identidade de estranxeiro (NIE) ou, no seu defecto, pasaporte expedido polas autoridades do seu país.

Estranxeiros menores nados en España con menos de tres meses:

Libro de familia ou certificado de nacemento expedido por autoridades españolas, no caso de que non dispoñan dun documento de identificación.

**Os documentos de identificación deben estar en vigor.**

**Documentación acreditativa de representación de menores e incapacitados (FOTOCOPIAS):**

Menores non emancipados: libro de familia ou certificado de nacemento. En casos de separación ou divorcio, a resolución xudicial que acredite a súa garda e custodia.

Cando se solicite a inscrición dun menor cun só dos seus proxenitores, débese presentar a autorización do outro para o empadronamento ou, no seu defecto, declaración responsable asinada polo que realiza a solicitude de ter a garda e custodia do menor e capacidade legal suficiente para facer a inscrición, segundo o modelo subministrado polo concello.

Incapacitados: resolución xudicial que acredite a representación legal.

**Documentación acreditativa do domicilio (FOTOCOPIAS):**

-Título de propiedade (escritura, contrato de compravenda, nota do rexistro,...).

-Contrato vixente de arrendamento da vivenda para uso de residencia habitual, acompañado do último recibo de aluguer).

-No caso de autorización de persoa empadroadada: título acreditativo da posesión efectiva da vivenda (propiedade, aluguer,...) a nome desta.

Cando se cubran ou presenten autorizacións, achegaranse fotocopias dos documentos de identidade das persoas que autorizan.